



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

‘Museos, Sostibilidade e Benestar’

Para anunciar a ampla e variada programación que para o mes de maio deste 2023 preparamos os museos da Rede Museística da Deputación de Lugo, inspirámonos no lema que o ICOM propón para celebrar o Día Internacional dos Museo 2023: Museos, Sostibilidade e Benestar.

Como xa sabedes as amigas e amigos que adoitades participar nas nosas actividades, os nosos museos son, sobre todo, sociais e de comunidade; por tanto, por enriba de calquera outra consideración, as nosas actividades guíaa a sostibilidade do medio que habitamos e o benestar das persoas que nos rodean.

Este mes, ademais do DIM (18 de maio) e a Noite dos Museos, tamén nos trae o Día das Letras Galegas (17 de maio), que nesta ocasión vai dedicado e un traballador incansable pola nosa cultura como foi Francisco Fernández del Riego.

Desde cada museo da RMPL, desde as súas peculiaridades e realidades sociais, centrados no Territorio e na Cultura, sempre coa mirada atenta á perspectiva de xénero, compartimos saberes e experiencias e convidámoste a que o fagas canda nós.

PROGRAMA

3 de maio: XXI XORNADAS PEDAGÓXICAS 2023

A educación na RMPL centrada nos vínculos. Territorio, patrimonio e comunidade: educar no rural.

Datas e lugares: 3 de maio (Museo Provincial de Lugo), 5 de maio (Museo Fortaleza San Paio de Narla), 24 e 25 de maio (Museo Pazo de Tor).

10 de maio, 13:00h.

Inauguración de 'CONtornos', XV exposición itinerante de madeira torneada.
Sala Multiusos do MPLugo (10 de maio – 15 de xuño)

13 e 14 de maio: Obradoiros de acuñación de moeda a cargo de Caetra Lucensium

1.-Obradoiro para adultos

Sábado, 13 de maio: de 10:30h a 13:30h e de 17:00h a 20:00h.

Domingo, 14 de maio: de 11:30h a 13:30h.

2.-Obradoiro 'Caetra miúda' para crianzas

Sábado, 13 de maio: de 10:30h a 13:30h e de 17:00h a 20:00h.

Domingo, 14 de maio: de 11:30h a 13:30h.

Este obradoiro dirixido precisa anotación previa. Cada quenda terá unha duración de 45 minutos e un máximo de 10 persoas.

Quendas

Sábado 13 de maio: de 10:30h a 11:15h / 11:30h a 12:15h / 12:30h a 13:15h / 17:00h a 17:45h / 18:00h a 18:45h / 19:00h a 19:45h.

Domingo, 14 de maio: de 11:30h a 12:15h / 12:30h a 13:15h.

Inscricións: comunidadermpl@gmail.com

18 de maio

DIM 2023

19:00h.-Visita técnica guiada e gratuíta á exposición 'María Corredoira', a cargo da técnica do departamento de Belas Artes do MPLugo, María Quiroga. Esta data coincide co 130 aniversario do nacemento da pintora. Para o público en xeral.

20 de maio

ARDE LVCVUS CVLTVRAL

17:00h.- SENATUS DE LUCUS AUGUSTI E GÜIDOX. Paseos con Paulo Fabio Máximo e Güidox.

Visita aos restos arqueolóxicos depositados no Museo Provincial de Lugo

Do 2 ao 31 de maio

Contamos contigo! Dóanos a túa historia! (Roteiros participativos)

Para todos os públicos. Gustaríanos contar contigo —coa túa colaboración, que nos contes a túa historia— e que consideredes o Museo Provincial de Lugo como un centro de socialización de aprendizaxe e desfrute. Que valores o Museo como depósito e gardián da memoria colectiva da comunidade porque, coma ti, nos importa a Sostibilidade do planeta e o Benestar das persoas.

Calendario maio:

Polas mañás, de 10:30 a 11.45h.: días 2, 3, 4, 5, 16, 17, 18, 19, 30 e 31.

Polas tardes, de 18:30 a 20:00h.: días 8, 10, 11, 12, 23, 24, 25 e 26.

EXPOSICIÓNS

»María Corredoira

Sala de Exposicións do MPLugo (15 marzo-31 de maio)

»De monetaria galega. Galiza e a súa moeda dende a Antigüidade ata os nosos días

Refectorio do MPLugo (31 de marzo – 30 de xuño)

»CONtornos. XV exposición itinerante de madeira torneada

Sala Multiusos do MPLugo (10 de maio – 15 de xuño)

»Cravos coma toxos. O neotenebrismo galego-portugués

Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos- sede Deputación de Lugo (22 marzo-22 de xuño)

OUTRAS ACTIVIDADES

A Rede e o seu modelo de xestión en Doha

A artista estadounidense Cristina Beard, quen no pasado mes de xaneiro de 2023 realizou unha estada nos museos da Rede para coñecer o seu modelo de xestión, presenta en Doha (Qatar) este 8 de maio o resultado das súas investigacións co título “Governance and leadership models in the provincial museum network of Lug”. Esta exposición ten lugar no marco da conferencia INTERCOM – DOHA 2023, organizada polo ICOM para reflexionar sobre os museos do futuro.

Museo Provincial de Lugo. Tfno.: 982 242 112 / info@museolugo.org

Xerencia Rede Museística. Tfno.: 699 836 883 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org / comunidadermpl@gmail.com

